

RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR, NOVIEMBRE 2018

ELECCIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR (2018)

- Resolución do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.
- O obxecto desta disposición é fixar as datas para a elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar, así como ditar instrucións para o seu desenvolvemento.
- A organización e supervisión deste procedemento de elección, regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, correspóndelle á **xunta electoral** que estará constituída polo director do centro, un mestre ou mestra, un pai, nai ou titor/a legal e un representante do persoal de administración e servizos; designados os tres últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes.
- De conformidade co establecido no artigo 31 b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concretar o calendario electoral.

ACCESO AO CALENDARIO ELECTORAL (A partir do 6 de novembro)

XENERALIDADES

- Os censos electorais estarán expostos no taboleiro do centro a partir do 6 de novembro.
- Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, pero cada membro só poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.
- Os/As que queiran presentar a súa candidatura poden recoller as papeletas na secretaría do centro

	<p>durante os recreos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O voto será directo, secreto e non delegable.
<p>PROFESORES/AS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • En COMISIÓN DE SERVICIOS, son electores e elixibles no centro onde exercen a súa función docente e no caso de compartir varios, exercerán o dereito no centro base. • SUBSTITUÍDOS, son electores e elixibles se teñen permiso inferior a seis meses. • SUBSTITUTOS, non son electores nin elixibles. • LIBERADOS SINDICAIS PARCIAIS E/OU TOTAIS, son electores e elixibles. • De RELIXIÓN, son electores e elixibles se teñen nomeamento outorgado pola Consellería de Educación e O.U. con independencia das horas que impartan e se comparten varios centros, exercerán o dereito no centro base. • O profesorado reunirse en claustro extraordinario e a mesa electoral que se constituía durante este claustro estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último como secretario/a.
<p>PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Son electores e elixibles o PAI e a NAI. • O censo electoral estará exposto no taboleiro de anuncios do centro para a súa comprobación e posibles reclamacións. • A mesa electoral estará constituída polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores legais, designados por sorteo

público entre os que non se presenten como candidatos e actuando como secretario/a o de menor idade. Preverase o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

- A votación terá lugar o 26 de novembro, na sala de xuntas do centro, desde as 15:00 horas ata as 18:00 horas.
- Cada elector deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- Neste grupo están incluídos todos os que prestan servizos no centro e están vinculados cunha relación xurídica, administrativa ou laboral coa Consellería ou co Concello.
- A mesa electoral estará constituída polo director, que actuara como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.